

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR, O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR) E A FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “MODERNIZACIÓN DA REDE DE MONITORIZACIÓN COSTEIRA DE PARÁMETROS AMBIENTAIS. REDECOS – FASE 2”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou co Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, 22 de outubro de 2024 ata o 30 de novembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores na modernización do sistema de recollida de datos de salinidade e temperatura en continuo nas augas pouco profundas dos bancos marisqueiros do litoral galego, mellorando o coñecemento e xestión das zonas dedicadas ao cultivo de especies marisqueiras e dos riscos aos que se enfronta.

Co proxecto “modernización da rede de monitorización costeira de parámetros ambientais REDECOS-FASE2” pretendese acadar o establecemento dunha rede que permita modernizar o sistema de recollida de datos de salinidade e temperatura nas zonas de cultivo, mellorando o seguimento en continuo destes parámetros e a integración de ditas medidas nas plataformas de xestión de datos do Observatorio Costeiro da Xunta de Galicia.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

En particular, o acordo de colaboración regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

- Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia.
- O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 21-27: "Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños". Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a "fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos", desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.
- Os proxectos aprobados pola citada Rede financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
- Na xuntanza ordinaria da Rede celebrada o 30 de xullo de 2024, esta valorou positivamente a realización dun acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar, o INTECMAR e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores para a modernización do sistema de recollida de datos de salinidade e temperatura en continuo nas augas pouco profundas dos bancos marisqueiros do litoral galego, mellorando o coñecemento e xestión das zonas dedicadas ao cultivo de especies marisqueiras





Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

e dos riscos aos que se enfronta, aliñada coa finalidade da Rede, de interese para os seus participantes e para o sector pesqueiro en particular, así coma para o ben común e interese xeral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña

